

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO 8 DE MARZO • DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES • 2021

01 PRESENTACIÓN DO MATERIAL “MULLERES PRECURSORAS DO CAMBIO”

Recompilación en papel da historia de 18 mulleres que cambiaron a historia. Mulleres singulares e valentes como Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Isabel de Barreto, Ada Lovelace ou Hipatia de Alejandría, entre outras, que perseguiron os seus soños e hoxe sérvenlles de inspiración a moitas rapazas para seguiren derrubando barreiras. O contido do material foi elaborado polas mulleres e menores residentes na Casa de Acollida, baseándose na denominación da muller que lles dá nome aos diferentes espazos da casa.

Data: 5 de marzo, na rolda de prensa da campaña

02 EXPOSICIÓN SEMPRE MARZO

Doce olladas e doce novos xeitos de contar. Unha exposición composta por 12 poemas manuscritos 33 cadros e unha escultura a través dos cales, como elas mesmas din, as artistas e poetas da Galicia contemporánea toman os papeis e fano por si mesmas e “até que a última agresión se borre, a última suspicacia se esvaia e unha horizontalidade ampla e clara coma un papel nos harmonice, no noso almanaque ha ser marzo cada mes”.

Inauguración: 6 de marzo, ás 12.00 h
Lugar: Fundación Luis Seoane
Data: do 6 ao 14 de marzo
Horario: apertura da Fundación, de martes a domingo, das 11h ás 15h e das 17h ás 21h
Público destinatario: poboación en xeral
Entradas: entrada libre, até completar a capacidade

03 PRESENTACIÓN DO LIBRO Cidade das Mulleres. Veciñas Ilustres da Coruña. Vol.1

Compilación das biografías de 34 mulleres, elaborada co desexo de lles brindar un recoñecemento a todas aquelas mulleres cuxo espírito pioneiro e rebelde marcou o noso carácter e cuxos actos serviron de inspiración.

Data: 8 de marzo
Horario: 12.00 h
Lugar: Teatro de Rosalía de Castro. Asistencia con convite previo
Libro promovido pola Asociación da Prensa da Coruña (APC) e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez (FWFF), coa colaboración do Concello da Coruña

04 I EDICIÓN DO CONCURSO “A MIRADA VIOLETA DE DONA EMILIA”

Desde a Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación, coa intencionalidade de traer ao presente esta Muller sen límites que loitou por traspasar as barreiras de cristal impostas pola época en que viviu, convócase un concurso no cal, a través dos ollos da xente nova da concello, se representen, de xeito gráfico e escrito, as inxedanzas relacionadas coa igualdade e a diversidade de antes e de agora.

Datas: os traballos poderán presentarse desde as 8.00 horas do 8 de marzo até as 14 h do 5 de abril. O veredicto do concurso publicarase o 23 de abril, Día Internacional do Libro.
Público destinatario: poboación entre os 12 e os 30 anos, ambos incluídos, do termo municipal da Coruña, en tres categorías, segundo a idade.

05 CURSO BÁSICO DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS (EN LIÑA)

No marco do Pacto social por unha Coruña libre de violencias machistas, levaranse a cabo a 6ª e 7ª edicións deste curso en que se abordarán os conceptos clave para comprender o fenómeno da violencia de xénero, introduciranse aspectos como a lexislación

principal na materia, a interseccionalidade e os mitos e realidades sobre as violencias machistas, e trataranse tamén a construción e normalización das diferenzas que dan lugar ás desigualdades.

Datas da 6.ª edición: do 28 de febreiro ao 14 de marzo
Datas da 7.ª edición: do 8 ao 28 de marzo
Duración: 4 horas, en modalidade en liña
Público destinatario: todas as persoas adheridas ao Pacto social (tanto a título individual como entidade ou empresa)

06 CICLOS DE CONVERSAS

“As mulleres, cen anos despois de Emilia Pardo Bazán: conversas na Casa-Museo” Ciclos de conversas en que se lles dará protagonismo ás mulleres que lograron traspasar os límites aos que tiveron que se enfrontar no pasado ou no presente para lograren as súas metas profesionais.

Inaugura: o presidente da Real Academia Galega, Víctor Fernández Freixanes
Conversa inaugural: “A presenza das mulleres na política”, entre Inés Rey, alcaldesa da Coruña e María Méndez, presidenta da Asociación de Xornalistas de Galicia
Data da inauguración: 11 de marzo (retransmitida por streaming)
Horario: 18 h

“Conversas con ... Mulleres CTEM”

O ciclo recolle 5 conversas en liña con mulleres do ámbito das CTEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemática), en que se perseguen visibilizar perfís con nome de muller como referencia nos imaxinarios das mozas, de cara á futura formación e profesión.

1.ª conversa, con Laia Subirats Maté · Data: 12 de marzo
2.ª conversa, con Tamara Pazos Cordal · Data: 9 de abril
3.ª conversa, con Elena García Armada · Data: 12 de abril
4.ª conversa, con M.ª Jesús Taboada Iglesias · Data: 16 de abril
5.ª conversa, con Rosana Rodríguez López · Data: 23 de abril

Público destinatario: poboación adolescente de 4.º da ESO dos centros educativos públicos e concertados do concello

07 AUTOCINE: María Solinha

Este filme, de produción galega, conta a historia de María Solinha, muller que no século XVII foi condenada pola Inquisición por bruxa e queimada na fogueira. Este filme mestura a violencia que sufriron as mulleres no pasado coas manifestacións de violencia que aínda existen na igualdade e serve, por tanto, como canle de sensibilización á poboación dunha problemática que segue a ser unha das grandes lacras sociais.

Data: 13 de marzo
Horario: 19.30 h
Lugar: estacionamento do Pazo dos Deportes de Riazor
Público destinatario: poboación en xeral. Non recomendada para menores de 16 anos

08 PUNTOS INFORMATIVOS DO 8 MARZO

Datas: semana do 22 ao 26 de marzo
Lugar: campus universitario de Elviña

09 EXPOSICIÓN MULLERES CTEM

Esta exposición afonda na visibilización das achegas das mulleres nos campos das ciencias, tecnoloxías, enxeñarías e matemática.

Lugar: Obelisco
Datas: do 22 de marzo ao 22 de abril

10 APP “A CORUÑA EN FEMININO”

A través desta app, a cidadanía poderá participar nunha experiencia de realidade aumentada onde afondará na vida de seis mulleres relevantes das letras galegas e visitar os lugares de referencia para elas dentro da cidade da Coruña. As mulleres protagonistas desta ruta serán Concepción Arenal, María Barbeito, Sofia Casanova, Fanny Garrido, Rosalía de Castro e Elvira Bao.

Data da presentación: 26 de marzo

11 CICLO DE CINE: RETALLOS DE MULLER

Títulos e días:

• 4, 5, e 6 de marzo - La verdad
• 11, 12 e 13 de marzo - "II Certamen de cortos mujeres LTB: Sororidad y feminismo", organizado pola Asoc. Alas Coruña
• 18, 19 e 20 de marzo - My mexican brezel
• 25, 26 e 27 de marzo - Amante por un día

Horarios: xoves e venres ás 20.00 h e sábados ás 17.15 e ás 20.00 h
Lugar: Fórum Metropolitano, sala Marilyn Monroe
Público destinatario: poboación en xeral
Entradas: 3€ descontos (carné xove, maiores de 65 anos e persoas desempregadas); 2,00 €. O sábado ás 17.15 h: 1,50€

12 TEATRO CICLO “SEN NUMERAR”

• Obra: Sofia e as postsocráticas, unha obra sobre a violencia machista
Data: 12 de marzo

• Obra: Clausura do amor, unha obra sobre a relacións de parella e os motivos da ruptura.

Data: 26 de marzo
Horario: 20.30 h
Lugar: auditorio do Fórum Metropolitano
Público destinatario: persoas xoves e adultas
Entradas: 9,00 €; descontos (carné xove, maiores de 65 anos e persoas desempregadas); 7,00 €

13 POESÍA DO CICLO POETAS DI(N)VERSOS

Recital a cargo de María del Rosario Pedreira e Xabier Rodríguez Baixeiras

Data: 22 de marzo
Lugar: Centro Cultural Ágora
Horario: 20.00 h
Público destinatario: poboación en xeral
Entradas: entrada de balde, até completar a capacidade

14 BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA. CAMPAÑA “VISIBILIZAR O INVISIBLE”

As Bibliotecas Municipais da Coruña conmemoran o 8M, Día Internacional das Mulleres, visibilizando a aplicación transversal da perspectiva feminista nas bibliotecas e o seu traballo diario como bibliotecarias, cunha campaña que comezará o 4 de marzo e que finalizará o 8 de marzo.

Esta campaña comprende, entre outras actividades:

• Mostras bibliográficas en todas as bibliotecas da rede.
• Club de lectura feminista “O cuarto propio”.
• Libros Vivintes, con Emma Pedreira.

MÁIS INFORMACIÓN EN [CORUNA.GAL/IGUALDADE/8M2021](https://www.coruna.gal/igualdade/8M2021)

MULLERES SEN LÍMITES



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña